



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O COFINANCIAMENTO DO SUBPROGRAMA JUAN DE LA CIERVA (convocatoria Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades de 2018).

Santiago de Compostela [data dixital]

COMPARECEN:

Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Consellería), nomeada mediante o Decreto 96/2018, do 26 de setembro (DOG núm. 185, do 27 de setembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG núm. 106, do 5 de xuño), en representación desta e en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 59/2018, do 31 de maio (DOG núm. 109, do 8 de xuño), en representación desta e en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.





EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que a UDC, a USC e a UVigo son entidades de dereito público que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura como os principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

SEGUNDO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería, de acordo co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (DOG núm. 219, do 16 de novembro).

Nese marco, correspóndelle a promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (en diante SUG) para a súa posta en valor no marco do Sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

Esta función atribuída concrétese na atención á estrutura de investigación das universidades galegas e, particularmente, á consideración das tarefas de investigación que desenvolve o persoal do SUG.

TERCEIRO.- Que a LOU establece, nos seus artigos 33 e 40, que tanto a docencia como a investigación son dereitos e deberes do persoal docente e investigador das universidades. Avanzando nesta liña a dita lei, no seu artigo 40.3 (modificado pola Lei orgánica 4/2007, do 12 abril), sinala que “a universidade facilitará a compatibilidade no exercicio da docencia e a investigación, e incentivará o desenvolvemento dunha traxectoria profesional que permita unha dedicación máis intensa á actividade docente ou á investigadora”.





Nos últimos anos, boa parte das universidades do Estado español están implementando medidas que tenden a recoñecer a actividade investigadora dentro da dedicación ordinaria do persoal docente e investigador.

CUARTO.- Que a captación, formación e retención de talento supón unha área estratéxica do Goberno galego co fin de atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira profesional que posibilita a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+i.

A captación do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a Consellería promove o Programa de captación de talento, incentivando e apoiando a presentación aos programas máis competitivos das mellores candidaturas sen que o seu éxito supoña unha carga orzamentaria para a universidade, centro de investigación universitario ou grupo. Tendo ademais en conta que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que a persoa investigadora produza, supón un indicador de calidade para o organismo no que se incorpore e para o conxunto do sistema galego de I+D+i, e que así se recolle no Plan galego de financiamento universitario.

QUINTO.- Que a Administración Xeral do Estado conta con programas cunha acreditada traxectoria como instrumentos de promoción da ciencia e a investigación e que son altamente competitivos para (entre outros obxectivos de formación e mobilidade xeográfica) incentivar a contratación de doutoras e doutores e tecnólogas e tecnólogos en organismos de investigación.

No marco da liña instrumental de actuación en recursos humanos do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación (en diante Plan estatal) 2017-2020, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros na súa reunión do 29 de decembro de 2017, na Orde ECC/1402/2013, do 22 de xullo, modificada pola Orde ECC/1820/2014, do 26 de setembro, e pola Orde ECC/2483/2014, do 23 de decembro, apróbanse as bases reguladoras para a concesión de axudas no marco do Programa estatal de promoción do





talento e a súa empregabilidade do Plan 2017-2020. Hai que destacar que este Plan estatal ten o carácter de plan estratéxico ao que se refire a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Pola Resolución do 20 de decembro de 2018, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, apróbase a convocatoria correspondente ao ano 2018 de diversas actuacións contempladas no Subprograma estatal de formación e no Subprograma estatal de incorporación, do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade, no marco do Plan estatal, entre as que se atopan as axudas Juan de la Cierva (BOE núm. 311, do 26 de decembro de 2018).

O obxectivo do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade é financiar e incentivar, mediante convocatorias en concorrencia competitiva, a formación e especialización dos recursos humanos de I+D+i e impulsar a súa inserción laboral, tanto no sector público como no privado, así como facilitar a mobilidade internacional e a mobilidade dentro do sector público. O Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade está integrado por tres subprogramas estatais: Formación, Incorporación e Mobilidade.

SEXTO.- No ámbito do Subprograma estatal de formación e do Subprograma estatal de incorporación do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade, convócanse as axudas Juan de la Cierva-formación e Juan de la Cierva-incorporación (en diante, axudas JC).

O obxectivo das axudas JC formación é fomentar a contratación laboral de mozos e mozas doutores por un período de dous anos co obxecto de que completen a súa formación investigadora posdoutoral en centros de I+D españois distintos a aqueles nos que realizaron a súa formación predoutoral.

O obxectivo das axudas JC incorporación é fomentar a contratación laboral de mozos e mozas doutores, por un período de tres anos, co obxecto de que afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral.





Nas disposicións específicas das axudas JC-formación, entre outras, figuran as seguintes características:

- Unha duración de dous (2) anos (desde a data da incorporación do persoal investigador ao seu posto de traballo no centro contratante).
- O importe da axuda anual para cada un dos contratos será de 25.000 euros, destinada necesariamente a cofinanciar o salario e a cota empresarial da seguridade social do persoal investigador contratado durante cada unha das anualidades.
- A retribución mínima que deberá recibir o persoal investigador contratado, que se deberá indicar en cada contrato, será de 21.500 euros brutos anuais.
- O centro de I+D debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota empresarial da seguridade social ou calquera outra incidencia.

Nas disposicións específicas das axudas JC-incorporación, entre outras, figuran as seguintes características:

- Unha duración de tres (3) anos (desde a data da incorporación do persoal investigador ao seu posto de traballo no centro contratante).
- O importe da axuda anual para cada un dos contratos será de 29.000 euros, destinada necesariamente a cofinanciar o salario e a cota empresarial da seguridade social do persoal investigador contratado durante cada unha das anualidades.
- A retribución mínima que deberá recibir o persoal investigador contratado, que se deberá indicar en cada contrato, será de 25.000 euros brutos anuais.
- O centro de I+D debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos





posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota empresarial da seguridade social ou calquera outra incidencia.

SÉTIMO.- Polas seguintes resolucións da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación (pódense consultar en <https://ciencia.sede.gob.es>), concédense as axudas JC da convocatoria de 2018 para a contratación laboral do persoal seleccionado, entre outras, á UDC, á USC e á UVigo. Así:

- Resolución do 29 de novembro de 2019 (axudas Juan de la Cierva-formación).
- Resolución do 27 de novembro de 2019 (axudas Juan de la Cierva-incorporación).
- Resolución do 14 de maio de 2020 (axudas Juan de la Cierva-formación e axudas Juan de la Cierva-incorporación).

Polo anteriormente exposto, a Consellería, a UDC, a USC e a UVigo coinciden na necesidade de incentivar a actividade investigadora e, consecuentemente, acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, a UDC, a USC e a UVigo, para executar accións destinadas a fomentar a captación do persoal de investigación cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador nas universidades galegas.

En concreto, trátase de que a Consellería colabore no cofinanciamento da achega económica que a UDC, a USC e a UVigo necesitan para afrontar o gasto que supón a contratación de persoal investigador no marco das axudas JC, concedidas polas resolucións do 29 de novembro de 2019 (axudas Juan de la Cierva-formación), do 27 de novembro de 2019 (axudas Juan de la Cierva-incorporación) e do 14 de maio de 2020





(axudas Juan de la Cierva-formación e axudas Juan de la Cierva-incorporación), da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación (convocatoria de 2018) no marco do Plan estatal:

UNIV.	Persoa investigadora	Referencia Micinn	Resolución JC Formación
USC	G. C., Paulo Antonio	FJC2018-035894-I	29/11/2019
USC	L. M., Alejandro	FJC2018-037044-I	29/11/2019
USC	E. B., Tomás	FJC2018-037908-I	29/11/2019
USC	E. M., Juan Manuel	FJC2018-038136-I	29/11/2019
UVigo	R. R., Francisco	FJC2018-037157-I	29/11/2019

UNIV.	Persoa investigadora	Referencia Micinn	Resolución JC Incorporación
UDC	F. B., Cristina	IJC2018-038198-I	27/11/2019
USC	B. B., Andrea	IJC2018-036434-I	27/11/2019
USC	S. F., Andrés	IJC2018-036705-I	27/11/2019
USC	Y. C., Ismael	IJC2018-036747-I	27/11/2019
USC	C. B., Alejandro	IJC2018-037522-I	27/11/2019
Uvigo	M. M., Trinidad	IJC2018-036774-I	27/11/2019
Uvigo	P. R., Estefanía	IJC2018-035869-I	27/11/2019
Uvigo	R. S., Sandra	IJC2018-037665-I	27/11/2019
Uvigo	M. C., Sabela	IJC2018-035132-I	14/05/2020

SEGUNDA.- Compromiso das partes.

A Consellería comprométese a colaborar no cofinanciamento dos gastos asociados á contratación do persoal investigador seleccionado, por un importe total de cento oitenta mil euros (180.000,00 €), coa distribución que de seguido se indica:

Importe 2020	Importe 2021	Importe 2022	Importe 2023	TOTAL
41.583,34 €	67.500,00 €	51.750,00 €	19.166,66 €	180.000,00 €

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal investigador que desenvolva as actividades e a Consellería, de





tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

A UDC, a USC e a UVigo, como beneficiarias das subvencións concedidas pola Axencia Estatal de Investigación do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, contratarán laboralmente a tempo completo as catorce (14) persoas candidatas seleccionadas a tempo completo (conforme ás táboas resumo que se incorporan de seguido), por unha duración mínima de 2 anos, no caso da modalidade de formación, e de 3 anos, na modalidade de incorporación, e con suxeición ao resto das condicións da concesión das axudas JC (incorporación do persoal investigador, execución da axuda, modificación das condicións, xustificacións, ...)

ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO SUBPROGRAMA DE FORMACIÓN								
UNIV.	Apelidos e nome	Data de inicio	Data fin	Importe máx. anual(€)	Importe 2020 (€)	Importe 2021 (€)	Importe 2022 (€)	Importe total (€)
USC	G. C., Paulo Antonio	01/01/2020	31/12/2021	4.500,00	3.750,00	4.500,00	750,00	9.000,00
USC	L. M., Alejandro	01/01/2020	31/12/2021	4.500,00	3.750,00	4.500,00	750,00	9.000,00
USC	E. B., Tomás	01/05/2020	30/04/2022	4.500,00	2.250,00	4.500,00	2.250,00	9.000,00
USC	E. M., Juan Manuel	01/05/2020	30/04/2022	4.500,00	2.250,00	4.500,00	2.250,00	9.000,00
UVigo	R. R., Francisco	01/01/2020	31/12/2021	4.500,00	3.750,00	4.500,00	750,00	9.000,00
TOTAL FORMACIÓN					15.750,00	22.500,00	6.750,00	45.000,00

ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO SUBPROGRAMA DE INCORPORACIÓN									
UNIV.	Apelidos e nome	Data de inicio	Data fin	Importe máximo anual(€)	Importe 2020 (€)	Importe 2021 (€)	Importe 2022 (€)	Importe 2023 (€)	Importe total (€)
UDC	F. B., Cristina	01/02/2020	31/01/2023	5.000,00	3.750,00	5.000,00	5.000,00	1.250,00	15.000,00
USC	B. B., Andrea	01/05/2020	30/04/2023	5.000,00	2.500,00	5.000,00	5.000,00	2.500,00	15.000,00
USC	S. F., Andrés	01/07/2020	30/06/2023	5.000,00	1.666,67	5.000,00	5.000,00	3.333,33	15.000,00
USC	Y. C., Ismael	01/03/2020	28/02/2023	5.000,00	3.333,33	5.000,00	5.000,00	1.666,67	15.000,00





ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO SUBPROGRAMA DE INCORPORACIÓN									
UNIV.	Apelidos e nome	Data de inicio	Data fin	Importe máximo anual(€)	Importe 2020 (€)	Importe 2021 (€)	Importe 2022 (€)	Importe 2023 (€)	Importe total (€)
USC	C. B., Alejandro	01/04/2020	31/03/2023	5.000,00	2.916,67	5.000,00	5.000,00	2.083,33	15.000,00
Uvigo	M. M., Trinidad	01/05/2020	30/04/2023	5.000,00	2.500,00	5.000,00	5.000,00	2.500,00	15.000,00
Uvigo	P. R., Estefanía	01/01/2020	31/12/2022	5.000,00	4.166,67	5.000,00	5.000,00	833,33	15.000,00
Uvigo	R. S., Sandra	01/01/2020	31/12/2022	5.000,00	4.166,67	5.000,00	5.000,00	833,33	15.000,00
Uvigo	M. C., Sabela	01/09/2020	31/08/2023	5.000,00	833,33	5.000,00	5.000,00	4.166,67	15.000,00
TOTAL INCORPORACIÓN					25.833,34	45.000,00	45.000,00	19.166,66	135.000,00

En concreto, as universidades contratarán o persoal seleccionado a tempo completo de acordo coa lexislación vixente, incorporaranos aos centros de investigación en prazo e porán ao seu dispor as instalacións e medios materiais e formativos necesarios para a realización axeitada do seu traballo.

As universidades asumen o custo das súas respectivas contratacións no que exceda das axudas concedidas, así como posibles incrementos retributivos (ou de cota empresarial da seguridade social) ou calquera outra incidencia. Tamén están obrigadas a comunicar as baixas, renuncias, interrupcións e demais incidencias dos contratos cofinanciados.

TERCEIRA.- Financiamento.

A Consellería achegará a cantidade total de cento oitenta mil euros (180.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.561B.444.0 (código de proxecto 2016-00129), dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023, no marco do Plan galego de financiamento universitario.

Dado que os importes destas axudas proceden do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, as anualidades de 2021 a 2023 integraranse no novo plan de financiamento para os anos seguintes.





Esta cantidade de 180.000,00 € trátase dun importe certo, e queda por conta das universidades beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da UDC, a USC e da UVigo de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

CUARTA.- Pagamento e xustificación.

A Consellería efectuará o libramento dos fondos coa distribución que de seguido se indica:

Universidade	Importe 2020	Importe 2021	Importe 2022	Importe 2023	TOTAL
UDC	3.750,00	5.000,00	5.000,00	1.250,00	15.000,00
USC	22.416,67	38.000,00	26.000,00	9.583,33	96.000,00
UVigo	15.416,67	24.500,00	20.750,00	8.333,33	69.000,00
TOTAL	41.583,34	67.500,00	51.750,00	19.166,66	180.000,00





En cada anualidade os correspondentes importes faranse efectivos contra a presentación por cada universidade dunha memoria na que se dea conta do destino da achega e dunha certificación expedida polo órgano de control correspondente de cada universidade na que se dá toma de razón en contabilidade da achega, especificando o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin (singularmente, acreditación da contratación e permanencia nos postos de traballo obxecto da axuda JC).

Con data límite do 15 de decembro de cada anualidade presentarase a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento durante ese exercicio, con indicación expresa da achega efectiva do Ministerio para o período xustificado. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e á seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto da anualidade seguinte.

Tamén deberán presentar a declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para este fin (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución) e a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social e de non ter débedas coas administracións.

QUINTA.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que se poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2020, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

SEXTA.- Publicidade e transparencia

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC, a USC e a UVigo consenten expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos nos rexistros regulados neste decreto os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.





A reserva que puidesen facer a UDC, a USC e a UVigo no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As partes asinantes do presente convenio manifestan o seu consentimento ou autorizan para que os seus datos persoais que constan no convenio, e máis o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 do Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), non se aplica o establecido no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e, polo tanto, non terán a condición de axudas de estado as axudas previstas neste convenio por outorgarse a organismos de investigación para actividades non económicas.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de datos nacional de subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.





SÉTIMA.- Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, que se reunirá por pedimento dunha das partes, constituída do seguinte xeito:

- Pola Consellería, a persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades, ou persoa en quen delegue.
- Pola UDC, a persoa titular da Reitoría da Universidade da Coruña, ou persoa en quen delegue.
- Pola USC, a persoa titular da Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa en quen delegue.
- Pola UVigo, a persoa titular da Reitoría da Universidade de Vigo, ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario ou secretaria da comisión a persoa titular do Servizo de Planificación e Estruturación da Investigación, e o seu réxime xurídico axustarase ás normas previstas nos artigos 22 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas ás subvencións concedidas, serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Resolución.

Será causa de resolución do presente convenio de colaboración o incumprimento de calquera das cláusulas deste.





Este convenio tamén poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, previa audiencia e con, polo menos, un mes de antelación.

En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á exixencia de xuros de mora nos casos previstos nos artigos 32, 33 e 40 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza xurídica.

De acordo co establecido no artigo 36 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, neste convenio concorren razóns que non fan necesaria a convocatoria pública da axuda, xa que está incluído no convenio todo o persoal investigador contratado polas universidades do SUG que foi seleccionado na convocatoria pública da axuda JC 2018 para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

A actuación “Juan de la Cierva” é un instrumento de arraigo dentro das políticas de incorporación dos recursos humanos ao sistema de I+D+i, que pode ser utilizado para a execución de actuacións que as comunidades autónomas adopten con base nos seus propios programas específicos, atendendo ao cumprimento dos obxectivos establecidos na Estratexia española de ciencia-tecnoloxía e de innovación con relación á articulación que debe existir entre o programa estatal e os programas rexionais. Estas circunstancias xustifican a posibilidade de conveniar coas tres universidades para esta finalidade.

Este convenio de colaboración ten a natureza e realízase ao abeiro do establecido no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O presente convenio réxese en canto á súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición





contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Julio Ernesto Abalde Alonso

Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Reitor da Universidade de Vigo (UVigo)

